

CONDICIÓN XERAIS DO CONTRATO DE ASISTENCIA EN VIAXE SUBSCRITO ENTRE VUELING AIRLINES, S.A. E EUROP ASSISTANCE ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS

Só Asistencia

ASEGURADOR

EUROP ASSISTANCE ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (en adiante, **EUROP ASSISTANCE**), que asume o risco definido no presente contrato.

TOMADOR DO SEGURO

A **persoa física ou xurídica** que xunto co Asegurador subscribe este contrato e á que corresponden as obrigacións derivadas do mesmo, agás as que pola súa natureza deban ser cumpridas polo Asegurado.

ASEGURADO

Persoa física **con domicilio habitual en calquera país europeo ou ribeirán do Mediterráneo**, relacionada nas Condicións Particulares, que contrate un voo de **VUELING** e o presente seguro de asistencia e anulación asociado ao mesmo antes da data de inicio da viaxe, e cuxos datos sexan comunicados a **EUROP ASSISTANCE**.

Considéranse tamén asegurados os menores de dous anos.

FAMILIAR DIRECTO CUBERTO

Cónxuxe, parella de feito debidamente inscrita no correspondente Rexistro Oficial, país, sogros, fillos ou irmáns do Asegurado.

ACCIDENTE

As lesións corporais ou os danos materiais sufridos durante a vixencia do contrato e derivados dunha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do Asegurado.

ENFERMIDADE SOBREVIDA

Alteración do estado de saúde dun individuo acontecida durante o transcurso dunha viaxe cuberta pola póliza cuxo diagnóstico e confirmación sexan efectuados por un médico ou odontólogo legalmente recoñecidos, e que fagan precisa a asistencia facultativa.

ENFERMIDADE GRAVE

Toda alteración sobrevida do estado de saúde dun individuo que implique hospitalización e que imposibilite o inicio da viaxe do Asegurado, impida a súa continuación na data prevista ou comporte risco de morte.

EQUIPAXE

Conxunto de roupas e pertenzas propios para o uso e a hixiene persoal e necesarios no transcurso da viaxe transportado no interior da/s maletas/s.

ROUBO

Subtracción dos obxectos móbeis alleos, con violencia ou intimidación nas persoas ou empregando forza nas cousas.

FURTO

Subtracción dos obxectos móbeis alleos, sen mediar violencia ou intimidación nas persoas nin empregando forza nas cousas.

OBXECTO DO CONTRATO

Garantir contra as consecuencias de aqueles riscos cuxas coberturas se especifican no presente contrato e que se produzan como consecuencia dun evento fortuíto **no transcurso dunha viaxe** fora do Domicilio Habitual, dentro do Ámbito Territorial cuberto e cos límites sinalados no mesmo. As garantías do contrato deixarán de surtir efecto unha vez finalizada a viaxe e tralo regreso do Asegurado ao seu Domicilio Habitual.

DURACIÓN DA VIAXE

As garantías prestaranse nos países incluídos no billete de avión contratado con **VUELING**, cunha duración máxima de 30 días.

DOMICILIO HABITUAL

Enténdese por domicilio habitual do Asegurado o localizado en calquera país europeo ou ribeirán do Mediterráneo que se fai constar na contratación do voo, e dende o que se realicen os desprazamentos cubertos no presente contrato.

EXTRANXEIRO

Enténdese por estranxeiro a efectos das garantías, o país distinto ao do Domicilio Habitual e/ou nacionalidade do Asegurado.

ÁMBITO TERRITORIAL

As garantías prestaranse nos países incluídos no billete de avión contratado con Vueling. **Nos casos de One way só se prestará asistencia no lugar de destino do billete comprado con VUELING. Quedan excluídos, en todo caso, aqueles países que aínda que aparezan reflectidos no ámbito territorial contratado se atopan durante o desprazamento en estado de guerra, insurrección ou conflitos bélicos de calquera clase ou natureza, mesmo cando non se teñan declarado en tal estado oficialmente. Neste caso, EUROP ASSISTANCE reembolsará os gastos cubertos e debidamente xustificadas mediante a factura orixinal acreditativa.**

FRANQUÍA QUILOMÉTRICA

A asistencia será válida a partir de 35 km. do Domicilio Habitual do Asegurado (15 km. illas).

TRÁMITES EN CASO DE SINISTRO

Se acontecera un feito que puidera dar lugar á prestación de algunha das garantías cubertas no contrato, será requisito indispensable a comunicación inmediata do sinistro, a través dunha chamada ao teléfono 34.91.514.00.10, do envío dun fax ao nº 91.514.99.50 ou por outro medio que deixe constancia da comunicación do devandito sinistro, quedando expresamente excluídas con carácter xeral aquelas prestacións que non se comunicaran previamente a EUROP ASSISTANCE e aquelas para as que non se obtivera a correspondente autorización.

En caso de forza maior que impida dar aviso, este deberá darse en canto cese a causa que o impida.

Unha vez establecido o contacto, o asegurado indicará: **Nome e apelidos, lugar onde se atopa e teléfono de contacto** e informará das circunstancias do sinistro e do tipo de asistencia solicitada.

Unha vez recibida a notificación, **EUROP ASSISTANCE** dará as instrucións pertinentes co obxecto de que se preste o servizo requirido. Se o asegurado actuara de forma contraria ás instrucións impartidas por **EUROP ASSISTANCE**, correrán pola súa conta os gastos nos que incorra polo devandito incumprimento.

Para o reembolso de calquera gasto poderá dirixirse a vueling.europ.es onde poderá acceder a “Tramitacións en liña” para crear a súa propia solicitude de reembolso e facer o seguimento do trámite, ou ao apartado de correos 36316 (28020 Madrid). En tódolos casos será indispensable a presentación de facturas e xustificantes orixinais.

TRÁMITES EN CASO DE QUEIXA POR PARTE DO ASEGURADO

EUROP ASSISTANCE pon a disposición dos Asegurados un Servizo de Reclamacións cuxo Regulamento se pode consultar na páxina web www.europ-assistance.es. Poderán presentar queixas os tomadores, asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados ou causahabentes de calquera dos anteriores, no apartado de “Defensa do Cliente” da web, ou dirixíndose por escrito ao Servizo de Reclamacións:

Enderezo: Servicio de Reclamaciones
Cl. Orense, 4 – Planta 14
28020- MADRID

Dito Servizo, que funciona de xeito autónomo, atenderá e resolverá nun prazo máximo de 2 meses as queixas escritas que lle sexan directamente dirixidas, cumprindo así coa Lei ECO/734/2004 de 11 de marzo e a Lei 44/2002 de 22 de novembro.

Se se esgotara a vía do Servizo de Reclamacións, o reclamante poderá formular a súa queixa ante o Comisionado para a Defensa do Asegurado e do Partícipe en Plans de Pensións (adscrito á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións), cuxo enderezo é:

Pº de la Castellana, 44
28046- MADRID

SUBROGACIÓN

EUROP ASSISTANCE subrógase ata o total do custo dos servizos prestados por ela, nos dereitos e accións que correspondan ao Asegurado contra toda persoa responsable dos feitos e que teñan motivado a súa intervención. Cando as garantías realizadas en execución do presente Contrato sexan cubertas en todo ou en parte por outra entidade Aseguradora, pola Seguridade Social ou por calquera outra institución ou persoa, **EUROP ASSISTANCE** quedará subrogada nos dereitos e accións do Asegurado ante a devandita compañía ou institución. A estes efectos, o Asegurado obrígase a colaborar activamente con **EUROP ASSISTANCE** prestando calquera axuda ou outorgando calquera documento que puidera considerar necesario. En todo caso, **EUROP ASSISTANCE** terá dereito a utilizar ou solicitar do Asegurado a entrega do título de transporte (billete de tren, avión, etc.) detentado por este, cando os gastos de regreso corran pola conta de **EUROP ASSISTANCE**.

RESPONSABILIDADE

Se acontecera un sinistro, **EUROP ASSISTANCE** non asumirá ningunha responsabilidade respecto ás decisións e actuacións que adopte o Asegurado, contrarias ás súas instrucións ou ás do seu Servizo Médico.

LEXISLACIÓN E XURISDICIÓN

O Asegurado e **EUROP ASSISTANCE** sométense á lexislación e xurisdición españolas a tódolos efectos do presente contrato. O xuíz competente para o recoñecemento das accións derivadas do contrato será o do Domicilio Habitual do Asegurado.

LÍMITES GARANTIDOS

As contías económicas que figuran como límite en cada unha das prestacións deste contrato enténdense como importes máximos acumulables durante a viaxe.

GARANTIAS CUBERTAS

1.- Gastos médicos no estranxeiro.

En caso de Enfermidade sobrevida ou Accidente do Asegurado acontecido con carácter imprevisto no transcurso dunha viaxe polo estranxeiro, **EUROP ASSISTANCE** garante, **até un límite de 10.000 euros** por cada Asegurado, os gastos enumerados a continuación:

- Honorarios médicos.
- Medicamentos recitados por un médico ou cirurxián durante a primeira asistencia médica prestada. - Exclúense desta cobertura o pago sucesivo daqueles medicamentos ou gastos farmacéuticos que se deriven da prolongación no tempo do tratamento inicialmente prescrito, así como os relacionados con calquera proceso que adquira un carácter crónico.
- Gastos de hospitalización.
- Gastos de ambulancia ordenados por un médico para un traxecto local.

As cantidades garantidas no estranxeiro e no país do Domicilio Habitual do Asegurado non son adicionais.

En caso de que **EUROP ASSISTANCE** non teña intervido directamente e para que tais gastos sexan reembolsables, deberán presentarse as correspondentes facturas orixinais, que deberán ir acompañadas do informe médico completo, cos seus antecedentes, diagnóstico e tratamento, que permita establecer o carácter da Enfermidade Sobrevida.

Queda excluído o pago dos gastos médicos en España naqueles casos nos que o Asegurado sexa beneficiario da Seguridade Social. Exceptúanse aqueles casos nos que por razón de urxencia o Asegurado teña que ser trasladado a un Hospital que non pertenza á Seguridade Social.

Os gastos ocasionados serán, en todo caso, motivo de subrogación por EUROP ASSISTANCE ás percepcións ás que teña dereito o Asegurado, por prestacións da Seguridade Social ou por calquera outro réxime de previsión ou seguro privado ao que estivera afiliado.

2.- Gastos Odontolóxicos.

En aplicación da garantía "Gastos médicos no estranxeiro" dentro do límite especificado nas mesmas, quedan cubertos os gastos odontolóxicos, considerados de urxencia, **excluídos a endodoncia, as reconstrucións estéticas de tratamentos anteriores, as próteses, as fundas e os implantes, ata un límite de 60 euros.**

3.- Gastos médicos no país do Domicilio Habitual do Asegurado.

En caso de Enfermidade sobrevida ou Accidente do Asegurado acontecido con carácter imprevisto no transcurso dunha viaxe polo país do seu Domicilio Habitual, **EUROP ASSISTANCE** garante, **ata un límite de 650 euros** por cada Asegurado, os gastos enumerados a continuación:

- Honorarios médicos.
- Medicamentos receitados por un médico ou cirurxián durante a primeira asistencia médica prestada. - Exclúense desta cobertura o pago sucesivo daqueles medicamentos ou gastos farmacéuticos que se deriven da prolongación no tempo do tratamento inicialmente prescrito, así como os relacionados con calquera proceso que adquira un carácter crónico.
- Gastos de hospitalización.
- Gastos de ambulancia ordenados por un médico para un traxecto local.

As cantidades garantidas no estranxeiro e no país do Domicilio Habitual do Asegurado non son adicionais.

En caso de que **EUROP ASSISTANCE** non teña intervido directamente e para que tais gastos sexan reembolsables, deberán presentarse as correspondentes facturas orixinais, que deberán ir acompañadas do informe médico completo, cos seus

antecedentes, diagnóstico e tratamento, que permita establecer o carácter da Enfermidade Sobrevida.

Queda excluído o pago dos gastos médicos en España naqueles casos nos que o Asegurado sexa beneficiario da Seguridade Social. Exceptúanse aqueles casos nos que por razón de urxencia o Asegurado teña que ser trasladado a un Hospital que non pertenza á Seguridade Social.

Os gastos ocasionados serán, en todo caso, motivo de subrogación por EUROP ASSISTANCE ás percepcións ás que teña dereito o Asegurado, por prestacións da Seguridade Social ou por calquera outro réxime de previsión ou seguro privado ao que estivera afiliado.

4.- Traslado sanitario de enfermos e feridos.

En caso de Enfermidade Sobrevida ou Accidente do Asegurado durante a vixencia do contrato e como consecuencia dun desprazamento do lugar no que radica o seu Domicilio Habitual, e sempre que lle imposibilite continuar a viaxe, **EUROP ASSISTANCE**, tan pronto sexa avisada, organizará os contactos necesarios entre o seu servizo médico e os médicos que atenden ao Asegurado.

Cando o servizo médico de **EUROP ASSISTANCE** autorice o traslado do Asegurado a un centro hospitalario mellor equipado ou especializado preto do seu Domicilio Habitual, **EUROP ASSISTANCE** efectuará o devandito traslado segundo a gravidade do mesmo, mediante:

- Avión sanitario especial.
- Tren primeira clase.
- Helicóptero sanitario.
- Ambulancia.
- Avión de liña regular.

O avión sanitario especial, só se empregará no ámbito xeográfico de Europa e países ribeiráns do Mediterráneo. Só se terán en conta as esixencias de orde médico para elixir o medio de transporte e o hospital onde deberá ser ingresado o Asegurado. Se o Asegurado se negara a ser trasladado no momento e nas condicións determinadas polo servizo médico de EUROP ASSISTANCE, suspenderanse automaticamente tódalas garantías e gastos resultantes a consecuencia desa decisión.

5.- Regreso anticipado dos Asegurados acompañantes.

Cando se traslade ao Asegurado por Enfermidade Sobrevida ou Accidente en aplicación da prestación "Traslado sanitario de enfermos e feridos", ou ben por falecemento, e esta circunstancia impida ao resto dos Asegurados o seu regreso ata o seu domicilio polos medios inicialmente previstos, **EUROP ASSISTANCE** farase cargo dos gastos correspondentes ao transporte dos mesmos ata o lugar do seu Domicilio Habitual ou ata o lugar onde estea hospitalizado o Asegurado trasladado, mediante billete de avión de liña regular (clase turista) ou tren (primeira clase).

6.- Transporte de restos mortais.

En caso de falecemento do Asegurado, acontecido no transcurso dun desprazamento cuberto no presente

contrato, **EUROP ASSISTANCE** organizará e tomará ao seu cargo o transporte dos restos mortais ata o lugar de inhumación no país do Domicilio Habitual do Asegurado, dentro do termo municipal do seu Domicilio Habitual, así como os gastos de embalsamamento, ataúde mínimo obrigatorio e formalidades administrativas. **En ningún caso se estende esta cobertura aos gastos de pompas fúnebres e inhumación.**

7.- Desprazamento dunha persoa para acompañar ao Asegurado hospitalizado.

Se o Asegurado, durante a viaxe, debe estar hospitalizado máis de cinco días e ningún Familiar Directo se atopa ao seu carón, **EUROP ASSISTANCE** porá a disposición dun acompañante, dende o seu país de Domicilio Habitual, un billete de ida e volta de avión en liña regular (clase turista), tren (primeira clase) ou calquera outro medio de transporte axeitado.

8.- Gastos de estancia dunha persoa para acompañar ao Asegurado hospitalizado.

Se o Asegurado, durante a viaxe, debe estar hospitalizado máis de cinco días e ningún Familiar Directo se atopa ao seu carón, **EUROP ASSISTANCE**, aboará en concepto de gastos de estancia, o aloxamento no hotel, previa presentación das facturas orixinais correspondentes, **ata un límite de 100 euros/día e ata un máximo de 10 días.**

9.- Prolongación de estancia en hotel por enfermidade ou accidente.

Cando a natureza da enfermidade sobrevida ou o accidente imposibilite ao Asegurado continuar a viaxe e non fora necesario o ingreso nunha clínica ou nun centro hospitalario, **EUROP ASSISTANCE** aboará os gastos que se deriven da prolongación da estancia en hotel, prescrita por un médico, **ata un límite de 100 euros/día, durante un máximo de 10 días.**

10.- Regreso do Asegurado en caso de defunción dun familiar.

En caso de defunción no seu país de Domicilio Habitual dun Familiar Directo Cuberto do Asegurado que se atope nun desprazamento cuberto polo presente contrato, **EUROP ASSISTANCE**, unha vez comunicado o feito, organizará e porá a disposición do mesmo e para asistir ao enterro, (nun período máximo de 7 días dende o falecemento) un billete de avión de liña regular (clase turista) ou tren (primeira clase) ou calquera outro medio de transporte axeitado ata o lugar de inhumación en España.

11.- Regreso do Asegurado en caso de hospitalización dun familiar.

En caso de hospitalización no seu país de Domicilio Habitual por enfermidade grave dun Familiar Directo Cuberto do Asegurado, e sempre que esta se prevea superior a 5 días, que se atope nun desprazamento cuberto polo presente contrato, **EUROP ASSISTANCE**, unha vez comunicado o feito, organizará e porá a disposición do mesmo para o seu regreso, un billete de avión de liña regular (clase turista), ou de tren (primeira

clase) ata o lugar de hospitalización.

12.- Servizo de intérprete no estranxeiro

EUROP ASSISTANCE porá a disposición do asegurado un servizo de tradución telefónica nos principais idiomas (inglés, francés e alemán) e proporcionarlle facilidades para contactar cos intérpretes.

13.- Transmisión de mensaxes urxentes (derivadas das garantías).

EUROP ASSISTANCE, a través dun servizo de 24 horas, aceptará e transmitirá mensaxes urxentes dos Asegurados, sempre que estes non dispoñan doutros medios para facelas chegar ao seu destino e sempre que estas sexan consecuencia dunha garantía cuberta polo contrato.

EXCLUSIÓNS

As presentes garantías cesarán no momento no que o Asegurado regrese ao seu domicilio habitual, ou cando sexa repatriado por **EUROP ASSISTANCE**, ata o seu domicilio ou centro hospitalario preto deste. Quedan excluídas con carácter xeral aquelas prestacións que non foran comunicadas previamente a **EUROP ASSISTANCE** e aquelas para as que non se obtivera a correspondente autorización.

En calquera caso, quedan excluídos das garantías aseguradas (excepto expresamente incluído na garantía) os danos, as situacións, os gastos e as consecuencias derivados de:

1. Enfermidades, lesións ou afeccións preexistentes ou crónicas, padecidas polo Asegurado con anterioridade ao inicio da viaxe, así como aquelas que se manifesten no transcurso da mesma.
2. Renuncia, retraso ou adiamento voluntario por parte do Asegurado ao traslado sanitario proposto por **EUROP ASSISTANCE** e acordado polo seu servizo médico.
3. Enfermidades mentais, revisións médicas de carácter preventivo (recoñecementos), curas termais, cirurxía estética, a Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida e aqueles casos nos que a viaxe teña por obxecto recibir tratamento médico ou intervención cirúrxica, tratamentos de medicinas alternativas (homeópatas, naturistas, etc.), os gastos derivados de tratamentos fisioterapéuticos e/ou rehabilitadores así como aqueles afíns a estes. Así mesmo, queda excluído o diagnóstico, seguimento e tratamento do embarazo, interrupción voluntaria do mesmo e partos, agás que se trate de atención de carácter urxente e sempre anterior ao sexto mes.
4. A participación do Asegurado en apostas, desafíos ou altercados.
5. As consecuencias derivadas da práctica de deportes de inverno.
6. A práctica de deportes en competición ou competición motorizada (carreira ou rally),

así como a práctica das actividades perigosas ou de risco enumeradas a continuación:

- Boxeo, halterofilia, loita (nas súas distintas clases), artes marciais, alpinismo con acceso a glaciares, escorregamento en zorra, inmersión con aparatos respiratorios, espeleloxía e esquí con saltos de trampolín.
 - Deportes aéreos en xeral.
 - Deportes de aventura, tais como rafting, puenting, hidrospeed, barranquismo e similares. Nestes casos EUROPE ASSISTANCE só intervirá e tomará ao seu cargo os gastos producidos polo Asegurado dende o momento no que este se atope baixo tratamento nun centro médico.
7. Suicidio, intento de suicidio ou autolesións do Asegurado.
 8. Rescate de persoas en montaña, sima, mar, ou deserto.
 9. As enfermidades ou accidentes derivados do consumo de bebidas alcohólicas, narcóticos, drogas ou medicamentos, salvo que estes últimos foran prescritos por un médico.
 10. Actos dolosos do Tomador, o Asegurado, ou o causahabente destes.
 11. Epidemias e/ou enfermidades infecciosas de aparición repentina e propagación rápida na poboación, así como as provocadas pola polución e/ou a contaminación atmosférica.
 12. Guerras, manifestacións, insurreccións, movementos tumultuosos populares, actos de terrorismo, sabotaxes e folgas, estean ou non declaradas oficialmente. A transmutación do núcleo do átomo, así como das radiacións provocadas pola aceleración artificial de partículas atómicas. Movementos telúricos, inundacións, erupcións volcánicas e, en xeral, os que procedan do desencadeamento das forzas da natureza. Calquera outro fenómeno de carácter catastrófico extraordinario ou acontecemento que pola súa magnitude ou gravidade sexan cualificados como catástrofe ou calamidade.

Con independencia do antedito, quedan particularmente excluídas as seguintes situacións:

1. O traslado sanitario de enfermos ou feridos orixinado por afeccións ou lesións que poidan ser tratadas "in situ".
2. Os gastos de lentes e lentes de contacto, así como a adquisición, implantación-substitución, extracción e/ou reparación de próteses, pezas anatómicas e ortopédicas de calquera tipo, tais como un colariño.